

# Boletín de Información Cultural de Lugo

---

## MIHL - MUSEO INTERACTIVO DA HISTORIA DE LUGO

### CATAS LITERARIAS

**Organiza:** Concellería de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua do Concello de Lugo

As **Catas Literarias** consisten nunha merenda de tapas e viño dunha DO galega, cunha actuación musical, como preludivio á conversa cun autor ou autora que falará especialmente do seu último libro. Celébranse todos os segundos xoves de mes. Tamén hai **Bocatas Literarios**, para público infantil.

Máis información: <http://mihlcatasliterarias.com>

**PRÓXIMA CATA:** Xoves 11 de febreiro con Rocío López Núñez

---

## CASA DA XUVENTUDE

### EXPOSICIÓN HISTÓRICA PIONEIRAS: JIMENA E ELISA FERNÁNDEZ DE LA VEGA E LOMBÁN

**Horario:** de 10:00 a 14:00 e de 16:30 a 21:30

**Organiza:** Concellería de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua do Concello de Lugo

---

## MUSEO PROVINCIAL – SALA MULTIUSOS

**EXPOSICIÓN FIGURAS NA VITRINA. ABRINDO A SALA DO TESOURO.** Arte contemporánea (14 artistas) ao redor da colección de ourivería Gil Varela

**Datas:** Ata o 30 de abril

**Horario:** Luns a venres 9:00-21:00; sábados 10:30-14:00 e 16:30-20:00; domingos e festivos 11:00 a 14:00

**Organiza:** Rede Museística Provincial de Lugo

---

## XVI MOSTRA DE TEATRO CLÁSICO DE LUGO - 2016

Dende o 11 de febreiro ata o 12 de marzo celebrárase no Auditorio Municipal Gustavo Freire a XVI Mostra de Teatro Clásico, organizada pola Concellería de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua do Concello de Lugo. Neste e nos próximos boletíns semanais iremos avisando día por día de cada obra. Canda o desta semana mandámoslles de novo un PDF coa programación completa para que poidan ir facendo xa as súas previsións.

Para as sete funcións da Sección Oficial están á venda bonos a 35 euros, que se poden adquirir a través do portal [www.entradaslugo.es](http://www.entradaslugo.es) ata o día 11 de febreiro, ou na Oficina Municipal de Turismo (Praza do Campo 11) do día 5 ó 11, no seu horario habitual. As entradas individuais para a primeira función poñeranse á venda a partir do día 8 de febreiro no portal web e na Oficina Municipal de Turismo. A partir do día 11 as entradas venderanse tamén na billeteira do Auditorio.

**Máis información:** [www.lugo.gal](http://www.lugo.gal) / [fb.com/LugoTurismo](https://fb.com/LugoTurismo) / [@lugoturismo](https://twitter.com/lugoturismo)

---

## ENTROIDO LUGO 2016

O venres día 5 de febreiro ás 20:00, co pregón de Lois Pérez na Casa do Concello, arranca oficialmente o Entroido. A continuación facemos un resumo do programa organizado polo Concello de Lugo. Anexo a este boletín enviamos un PDF co programa completo, que está dispoñible nun folleto impreso nos centros municipais e tamén se pode consultar en [www.lugo.gal](http://www.lugo.gal)

### –VENRES 5

**20:00** Na Casa do Concello, pregón a cargo de Lois Pérez / Na Praza Maior, Entroido Escénico co grupo de teatro Asociación Down Lugo e Os Palimoquiños e Cia. / Campo Castelo, San Pedro e praza Mártires de Carral, charanga Garrafón.com / Recatelo e Praza do Campo, charanga A Escusa / Avenida da Coruña e Piringalla, charanga Os Amigos de Manolo.

### –SÁBADO 6

**10:00** Na praza da Soidade, Feira de produtos típicos do Entroido, amenizada pola murga Os Virtuosos do Tinto

**17:00** Gran Concurso de Disfraces (infantil). Concentración media hora antes na Praza da Soidade para desfilarmos por Antón Fraguas, Quiroga Ballesteros, Santo Domingo e Raíña ata a Praza Maior coa charanga Arde Yu Ku. Inscripción previa e premios: ver programa.

**20:00** Pola Ronda das Fontiñas, charanga Paradela.

**20:00** Na Praza do Campo, Entroido Escénico con Achádego Teatro.

**20:30** Recatelo e Praza do Campo, La Trocamba Matanusca / Campo Castelo, San Pedro e Mártires de Carral, charanga Arde Yu Ku.

A partir das **20:00**, IV Premio Lugo Monumental de Animación da Rúa organizado pola Asociación de Empresarios Lugo Monumental. Información e inscrición, [www.lugomonumental.es](http://www.lugomonumental.es)

### –DOMINGO 7

**11:00** Na Praza da Soidade, elaboración e degustación de filloas e exhibición de fiandeiras, co gaiteiro Simón Piñón.

**13:00** No barrio da Ponte, charanga Paradela / Praza do Campo, concerto do grupo Raíces do Campo.

**18:30** No Mercado Municipal, Baile de Entroido / Polo barrio de Montirón, actuación da charanga Viño Branco.

**20:00** No Campo Castelo, Entroido Escénico con Nova Escena Teatro.

**20:00** No recinto histórico, charanga Madialeva / Barrio da Estación, Montero Ríos e Sagrado Corazón, charanga Os Amigos de Manolo.

### –LUNS 8

**18:30** No Mercado Municipal, ludoteca, maquillaxe, globoflexia e maxia.

**19:00** Na Praza da Soidade, Entroido Escénico con Nostrum Cai Teatro.

**19:30** No barrio da Milagrosa, charanga Terra Chá / Residencia, Lamas de Prado e Castiñeiro, charanga Va K Pinta.

**20:00** Polo centro da cidade, charangas Tastarabás e Pekusiona Batería da Unidade.

### –MARTES 9

**13:00** Praza do Campo, actuación do grupo Raíces do Campo.

**17:00** Gran Concurso de Disfraces (adultos). Concentración media hora antes na Praza da Soidade para desfilarmos por Antón Fraguas, Quiroga Ballesteros, Santo Domingo e Raíña ata a Praza Maior coa charanga Maloserá. Inscripción previa e premios: ver programa.

**20:00** Polo centro da cidade, charanga Maloserá.

### –MÉRCORES 10

**12:00** Na carpa da Praza da Soidade, actuación infantil de Uxía Lambona e a Banda Molona.

**18:30-10:45** No quiosco da música da Praza Maior, Velorio da Sardiña a cargo da asociación Pepe Barreiro.

**20:00** Enterro da Sardiña, saíndo o cadaleito en procesión desde o Círculo das Artes, percorrendo varias rúas e rematando na Praza Maior, onde se lerán os ferretes.

---

#### CONCERTO NO CLAVI

**Data:** Venres 5 de febreiro

**Concerto:** Iria Estévez / *De sol a son*

**Lugar:** Club Clavicémbalo

**Hora:** 23:55

**Entradas:** No local

---

#### PRESENTACIÓN DUN LIBRO NA CASA DAS INSUAS

**Data:** Sábado 6 de febreiro

**Acto:** Presentación do libro *La llamada del puma* de Andoni Candela, a cargo do autor, con proxección de vídeos. Libro de gran formato con 150 fotografías dunha viaxe por todo o mundo en procura de sete animais en perigo de extinción.

**Lugar:** Casa das Insuas, xunta a ponte vella de Rábade

**Hora:** 19:00

**Organiza:** Casa das Insuas, Centro de Conservación e Estudo da Natureza / Asociación Galega de Custodia do Territorio / Colabora, Concello de Rábade

---

#### CONCERTO NO CLAVI

**Data:** Sábado 6 de febreiro

**Concerto:** MJ + ITH / Rock en galego

**Lugar:** Club Clavicémbalo

**Hora:** 23:30

**Entradas:** No local

---

#### CONCERTO NO CLAVI

**Data:** Luns 8 de febreiro

**Concerto:** Los Jinetes del Trópico / Reggae/ska/mestizaxe(festizaxe)

**Lugar:** Club Clavicémbalo

**Hora:** 23:55

**Entradas:** No local

---

#### CATAS LITERARIAS / ROCÍO LÓPEZ NÚÑEZ

**Data:** Xoves 11 de febreiro

**Actividade:** Cata Literaria

**Autora invitada:** Rocío López Núñez

**Música:** Amt Buntz

**Gastronomía:** Tapas do Mesón do Lubre

**Adega:** Ribeira Sacra

**Lugar:** Museo Interactivo da Historia de Lugo (MIHL)

**Hora:** 20:00

**Entradas:** 5 euros. Á venda en: Centro de Interpretación da Muralla, Praza do Campo 11, luns a sábado, de 11:00 a 14:00 e de 16:00 a 18:00 / Museo Interactivo da Historia de Lugo (MIHL), martes a sábado, de 11:00 a 13:30 e de 17:00 a 19:30; domingo, de 17:00 a 20:00 / E tamén en [www.entradaslugo.es](http://www.entradaslugo.es)

**Organiza:** Concellería de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua do Concello de Lugo

**Colaboran:** Librarías La Voz de la Verdad, O Gato Neghro, El Faro de los Tres Mundos, Trama, Galicia, Aguirre, Balme, Biblos / Denominación de orixe Ribeira Sacra

**+info:** <http://mihlcatasliterarias.com>

---

#### XVI MOSTRA DE TEATRO CLÁSICO 2016

**Data:** Xoves 11 de febreiro

**Obra:** *El eunuco*, de Terencio / Versión libre de Jordi Sánchez e Pep Anton Gómez

**Compañía:** Festival Internacional de Teatro Clásico de Mérida / Dirección, Pep Anton Gómez

**Lugar:** Auditorio Municipal Gustavo Freire

**Hora:** 20:30 / Duración, 1h 40m

**Entradas:** Zona A, 10 euros. Zona B, 8 euros. Venda: No portal web [entradas.lugo.es](http://entradas.lugo.es) desde o 8 de febreiro ata tres horas antes do comezo de cada función / No Auditorio, os venres entre o 12 de febreiro e o 11 de marzo, de 18:00 a 21:00 / Na Oficina Municipal de Turismo, Praza do Campo 11, no seu horario habitual / No Auditorio, os días de función, desde hora e media antes do comezo do espectáculo / Desconto do 20% para persoas en paro, menores de 30 anos, pensionistas e actores e actrices asociados á AAAG (as persoas que adquiren estas entradas deberán acreditarse na porta de acceso)

**Organiza:** Concellería de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua do Concello de Lugo

---

#### CONCERTO NO CLAVI

**Data:** Xoves 11 de febreiro

**Concerto:** Luz de Lágrima / Fado / Arxentina

**Lugar:** Club Clavicémbalo

**Hora:** 23:00

**Entradas:** No local

---

#### TEATRO NO CLAVI

**Data:** Venres 12 de febreiro

**Compañía:** Enconarte Producciones

**Lugar:** Club Clavicémbalo

**Hora:** Dúas funcións, ás 21:30 e ás 23:00

**Entradas:** No local

---

**XVI MOSTRA DE TEATRO CLÁSICO 2016 Sección OFF**

**Data:** Sábado 13 de febreiro

**Obra:** Fragmentos de *La vida es sueño*

**Compañía:** Taller de Arte Dramática Espazo 10 e Os Palimoquiños / Dirección, Paloma Lugilde

**Lugar:** A Mosqueira

**Hora:** De 13:30 a 14:30

**Organiza:** Concellería de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua do Concello de Lugo

---

**XVI MOSTRA DE TEATRO CLÁSICO 2016 Sección OFF**

**Data:** Sábado 13 de febreiro

**Obra:** *Don Quixote. Unha comedia gastronómica*

**Compañía:** Limiar Teatro / Dirección, Nuria Gullón

**Lugar:** Auditorio Municipal Gustavo Freire

**Horas:** Dúas funcións. **18:30**, para público familiar, aforo limitado a 250 persoas / **20:30**, para adultos, aforo limitado a 300 persoas / Duración, 55m

**Entradas:** Entrada única, 5 euros. Venda: No portal web [entradas.lugo.es](http://entradas.lugo.es) desde o 8 de febreiro ata tres horas antes do comezo de cada función / No Auditorio, os venres entre o 12 de febreiro e o 11 de marzo, de 18:00 a 21:00 / Na Oficina Municipal de Turismo, Praza do Campo 11, no seu horario habitual / No Auditorio, os días de función, desde hora e media antes do comezo do espectáculo

**Organiza:** Concellería de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua do Concello de Lugo

---

**CONCERTO NO CLAVI**

**Data:** Sábado 13 de febreiro

**Concerto:** Cora Sayers / Folk, rock alternativo, pop, blues

**Lugar:** Club Clavicémbalo

**Hora:** 23:55

**Entradas:** No local

---

**GALA DE HIPÓCRITA TEATRO**

**Data:** Domingo 14 de febreiro

**Actividade:** Gala *San Teatrín. Namórate do Teatro!*

**Lugar:** Local Hipócrita (Rúa Becerreá, 2)

**Hora:** 19:00

**Entradas:** 3 euros adultos / 2 euros nenos. Aforo limitado

---

---